



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- 1 -

Rf. Secretaría xeral.
Me/Jm.

DONA MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA),

CERTIFICA: Que, polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de primeira convocatoria celebrada o día vinteseis de febreiro de dous mil catro (26-febreiro-2004), adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:-----

“4º).- EXPURGO DE LIBROS NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS.-

A Presidencia concede o uso da palabra ó Concelleiro de Cultura, Sr. Mouzo Grille, que pasa a explicar, de forma sucinta, o informe emitido ó respecto polo bibliotecario-arquiveiro, o que foi aprobado pola Comisión de Goberno en sesión do pasado 20 de outubro de 2003 e que consta incorporado ó expediente. Motiva o Sr. concelleiro na falta de espazo suficiente, así coma na absolescencia de moitos dos libros polo paso do tempo e a superación doutros polas actualizacións constantes que se realizan a través de adquisicións. Indica que a Comisión Informativa na súa reunión celebrada o día vintetrés de febreiro emitíu informe en sentido FAVORABLE elevando ó Pleno da Corporación a seguinte -----

“ PROPOSTA: -----

- A aprobación do Inventario e informe realizado polo Bibliotecario-Arquiveiro sobre expurgo.
- O reparto dos libros susceptibles de expurgo entre as diferentes concellerías que así o soliciten, especialmente polas de Educación e Servicos Sociais para repartir, se é o caso, entre os colexios e instutos de Arteixo, así como realizar envíos a países iberoamericanos se son do seu interés.
- Ofrecimento a organizacións humanitarias ou ONGs.
- Reciclaxe puramente daqueles libros máis deteriorados ou de maior antigüidade.
- Venta daqueles restantes entre os usuarios das bibliotecas e público en xeral a módicos prezos.”-----

SEGUEN INTERVENCIONS:-----

Finalizadas as intervencións e sometido a votación, o Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE E EN VOTACIÓN ORDINARIA, adoptou os seguintes acordos: -----

PRIMEIRO.- Aprobación do Inventario e informe realizado polo Bibliotecario-Arquiveiro sobre o expurgo.

SEGUNDO.- Reparto dos libros susceptibles de expurgo entre as diferentes concellerías que así o soliciten, especialmente polas de Educación e Servicos Sociais para repartir, se é o caso, entre os colexios e instutos de Arteixo, así como realizar envíos a países iberoamericanos se son do seu interés.

.../...

COMPROBADA A EXISTENCIA DOS DATOS



CONCELLO DE ARTEIXO



SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- 2 -

TERCEIRO.- Ofrecimento a organizacións humanitarias ou ONGs.

CUARTO.- Reciclaixe puramente daqueles libros máis deteriorados ou de maior antigüidade.

QUINTO.- Venda daqueles restantes entre os usuarios das bibliotecas e público en xeral a módicos prezos".-----

Para que así conste e surta os oportunos efectos, expídese a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente (Do borrador da acta da sesión, Artº. 206 do ROF), en Arteixo, a un de marzo do dous mil catro.-----

